MARÍA XOSÉ QUEIZÁN

A escrita sen límites



REAL
ACADEMIA
GALEGA

© Desta edición: Real Academia Galega
© Dos textos: María Xosé Queizán,
e autoras e autores
© Deseño: Pepe Barro

Maquetación: N. Cosme

Fotografías:
Faro de Vigo
Edicións Xerais
María Xosé Queizán
Margarita Ledo
Fundación Penzol

Agradecemos especialmente a Mónica Bar
e a Camiño Noia a súa axuda
para reunir os materiais gráficos desta edición

ISBN: 978-84-17807-55-9
D.L.: C 326- 2026
https://doi.org/10.32766/rag.459

REAL
ACADEMIA
GALEGA

Deputación
Pontevedra

Poesía-pensamento, esa doa que rola até nós

Margarita Ledo Andión
Real Academia Galega

Os fragmentos que o corpo-arquivo trae para a cunca da man ao celebrarmos o día da poesía teñen como materia María Xosé Queizán, esa figura que nos levou cara á construción de espazos emancipados, de lugares que soerguen universos en paralelo ao patriarcado e que poden ser algo tan simple coma unha revista —*Festa da Palabra Silenciada*, 1983-2013— ou as pequenas e grandes transgresións, tamén na literatura, a comezar pola lingua na que escribe —"lingua / único corpo que me pertence", dixo ela—, e na decisión de confrontar aquel canon que, dende o mito de Narciso ao feminicidio, arrincou de nós a alma e mais a fala.

O real precisa viaxar polo imaxinario, pola expresión do desexo, pola intimidade da escrita para acceder á comprensión da súa urdime, para talvez devir un artefacto de liberación. O real debe ser ficcionado para ser pensado —insiste e insisto nesta cita de Jacques Rancière (2000)—, unha afirmación que tamén me leva cara a *Metáfora da metáfora*, a vivir as cousas e facer da experiencia situada: "... e cheira a Vigo nos quais parisinos", o modo de transitar polo concreto cara á literatura a ras de pel, "a ras de terra"; cara ao verso que nos explica nesa doa que rola até nós:[1]

> Escribo para enxendrarme
> —coma se fose outra—
> no ovario do pensamento.
> Para darme a luz
> —e darme luz—
> deslumbrada polas propias palabras.

1 Citei estes versos de *Despertar das amantes* (1993) no meu ensaio *El cuerpo y la cámara* (2020).

Son moitas as mulleres que nos deron a ler María Xosé Queizán como autora de múltiplos rexistros co corpo-carne como nó. Cito Marga Romero, para quen "fai poesía para gozarse no pensamento dende unha escrita tamén materialista", mentres constatan nela a intelectual que vén para a praza e soergue en acto todas as diferenzas; que terma en continuo do seu "manifesto literario", tal e como nomea Mar Boo a actitude creativa da Queizán; que escolle ser parte dunha estirpe de autoras que son, elas propias, o texto, remarca adoito Helena González ao tratar da erótica corpo-palabra na obra de quen hoxe nos convoca a través da crónica de resistencia en *Cólera* (2007), amizade en "Homenaxes" (2004), acusación e grito, "braga no chan", en "Lei de Mercado" (2004), observante sempre coma nese verso de *Fóra de min* (1994), no que agroma a fibela do pasado no presente:

> Bueno barato
> quero que te chames negro Panchito
> e veñas da man de Castelao.

Para alén das viaxes, da palpitación da alteridade, tiven a *chance* de partillar con María Xosé esa necesidade de estar na militancia nos anos setenta. Olleina, pola primeira vez, aló en Chaodarcas, no bautizado druídico de Iria Gala, a filla de Nemesio Barxa. Eu andaba a estudar en Barcelona xornalismo e devecía polos lugares informais de aprendizaxe, por esas xuntanzas conspirativas, metade festa, metade política, da resistencia á ditadura canda a organización activa, no ronsel, para o caso, do ideario

revolucionario que levaba o selo da loita nacional-popular. Lémbroa a cores, coa saia curta, sandalias de plataforma, sorriso, ollada fixa. Visiteina no 73 e xantei na súa casa, despois de preparar o paso de fronteira de Carmiña de Cangas para Francia —por un poema en *Cólera* (podedes coñecela—, porque o tardofranquismo afogaba nela e pensou en ir parar tamén un tempo, outra volta, a París. Por azar atopámonos na libraría Alonso de Lugo cando ela arrecadaba datos para *A muller en Galicia* (1977), e con Bernardino Graña, a piques de publicar o libro, veu até Porto nos meus anos de exilio.

En 1980 asistín á presentación-debate de *Recuperemos as mans* que, na compaña de Camiño Noia, tivo lugar na galería Sargadelos de Santiago, e despois falamos da revista que María Xosé levaba soñando. No verán do 83 saía o primeiro número: "Gústame o deseño anque non sei por que...", comentou. Ela, sentímolo en que a lemos, adoito precisa de saber o porqué. E faleille das escollas de composición, da grella invisíbel, do papel das imaxes, de todo o que tiña a ver coa tradición oculta da forma que acostumamos usar as mulleres. "Claro, por iso...", dixo. Ese mesmo ano eu fun traballar para Barcelona e o azar seguiu a nos xuntar nos nefastos 80, co neoliberalismo a chuchar nas conciencias mentres Queizán explora, esculca, transita co seu tacón cada contribución do feminismo ao pensamento crítico.



María Xosé Queizán, Margarita Ledo, Camiño Noia e Xulián Maure. Berlín, 1989.

Vigo - Barcelona - Berlín

Nas ferias de Pascua do 1986, con algunhas amigas, ocupou o meu piso no bairro de Gràcia co fin de percorrer os lugares que despois darían *A semellanza* (1988); en 1989, após xusto da "caída do muro", durante unha conversa en Vigo decidimos ir ate aló ver, e Cristal acolleunos en Berlín; no ano a seguir María Xosé aparece de novo en Barcelona, con Camiño Noia e Carme Blanco, para asistir á I Feira Internacional do Libro Feminista. Nesta *foto-costat* que lle pido a Joan Fontcuberta que saque, está a ledicia do encontro de Anna Turbau e meu con elas en viaxe de traballo.

E así, desta maneira, con idas e vindas fortuítas ou queridas, foise tecendo un ámbito de confianza mutua que se sustenta na andamiaxe que Didi-Huberman, dende Benjamin, define como o retorno dun pasado que alimenta o compromiso co futuro e o encontro segredo entre as xeracións precedentes e a nosa.

Andar, axexar, sospeitar, escribir... Rosalía, Kruckenberg, Xohana sempre no fardel. E a sabedoría de apostalo todo na palabra, en desbandar esa paisaxe que nos engole dende a ninfa Eco[2] con aquela escena de Narciso a se mirar nas augas e se prendar de si, do canon de beleza que el mesmo perfila, mentres a ninfa, dentro das augas, préndase da voz de Narciso

2 Véxase *Ruta Remake*, un proxecto das artistas lituanas (ela e el) Nomeda Urbonas e Gediminas Urbonas (2002-2005). Dispoñible en https://www.macba.cat/es/obra/r5048-ruta-remake/

e a partir dese momento xa non será quen nin de desenvolver nin, polo tanto, de recoñecer a súa propia voz. Por iso Eco soamente repite. Por iso as mulleres estabamos condenadas a repetir e non poder contradicir o que di o varón. E nesa lagoa entrou, da cabeza aos pés, a autora:

> ¡Poeta
> déixame saír do texto!

A poética de María Xosé Queizán lúe en aspectos biográficos e reclama que abramos todos os sentidos á súa percepción, ao confronto cos espazos regrados, coa súa posta en solfa nos roles, nos valores incorporados, na incapacidade para decidir, na instrumentalidade do corpo, no discurso amoroso como retórica de submisión. Da súa man imos sentir ese lecer calmo da produción de nós mesmas, materia primixenia no medio e medio da foresta, canda o desasosego íntimo que interroga todas as certezas: como dei chegado ate aquí? Porque quizais todo estea oculto nun poema-diario, cronolóxico e fragmentado, a corcoser un cúmulo de instantáneas para, simplemente, nos dicir: esta obra fálavos de min.

Adoito, ao pensar en María Xosé, véxoa no mesmo modo en que se relata Hélène Cixous, como alguén cunha visión panorámica da súa / nosa época:

> ao estar no balcón do noso piso en Orán —ou nas Travesas— estaba no balcón do século e mirábao desenvolverse, de maneira implacábel, tras de min, diante de min, ao meu redor, no futuro... e eu estaba dentro.



María Xosé Queizán, Anna Turbau, Margarita Ledo, Carmen Blanco e Camiño Noia en Barcelona, durante a *I Fira del Llibre Feminista* (1990). Foto: Joan Fontcuberta

Esta visión da súa / nosa época, dende espazos intermedios, de dentro para fóra coma as galerías e os balcóns, colle corpo na ollada en feminino, nesa ollada que trae a experiencia das mulleres para o centro da trama e que tronza o fío cos tipos e estereotipos que nos deturpan, desencarnan, banalizan. E que na poesía galega contemporánea temos a fortuna de festexar.

Resoen, agora para ti, amiga, as palabras que escribiches para Rosalía:[3]

> Fuches condenada á valentía
> Calar ou ser perversa
> ¡Velaí!

Referencias bibliográficas

Ledo Andión, Margarita (2020). *El cuerpo y la cámara*. Cátedra: Madrid.

Queizán, María Xosé (2004). *Non o abras como unha flor (Poesía reunida 1980-2004)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Rancière, Jacques (2000). *El reparto de lo sensible: estética y política*. Santiago de Chile: Lom.

3 "IV poemas a Rosalía". *Boletín Galego de Literatura* 12, 1994.